



CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Estimadas familias:

Ante a fin deste curso 2022-23, convén ter en conta os seguintes aspectos:

Entrevistas co profesorado

Se desexades ter unha entrevista de final de curso pódese solicitar para o día 28, mércores, en horario de 10:00 a 13:00 horas. Despois de dito día, só se recibirán as visitas que estean plenamente xustificadas e con previa petición de hora por teléfono.

Alumnado de 6º curso de Ed. Primaria que promocióne á ESO

De acordo ca normativa establecida para a Ed. Primaria, as familias do alumnado de 6º curso deberán acudir ao Centro **o día 28, mércores, en horario de 10 a 13 horas, para recibir o Historial Académico** (os que vaian ao IES Pastoriza recibirán tamén sobre de matrícula). Para iso deberán asinar o recibín correspondente. En caso de imposibilidade, pódese autorizar a recollida de dito documento a outra persoa adulta por escrito, indicando o DNI.

Fondo solidario de libros de texto, axudas de material escolar e vales

Lembrede que o 21 de xuño remata o prazo para a presentación de solicitudes de axudas, fondo solidario de libros de texto e material escolar para Educación Primaria. As listaxes tanto de beneficiarios coma de libros de texto para o curso escolar 2023-2024 publicaranse no taboleiro do centro a finais de mes. Dado que o noso centro forma parte do proxecto E-Dixgal, o alumnado de 5º e 6º de primaria utilizará material dixital e polo tanto non terá libros de texto. **Para este alumnado só se tramitarán as axudas de material escolar.**

A entrega dos vales, no caso de ter dereito, **realizarase os días 3 e 4 de xullo**, en horario de 10:00 a 13:00 horas, na secretaría do centro. Para poder retiralos haberá que asinar un recibín persoalmente. No caso de imposibilidade **pódese autorizar a recollida por escrito a outra persoa adulta**, indicando o DNI de ámbalas dúas, autorizante e autorizada. **En caso de extravío non se expedirá outro vale.** As modificacións publicaranse na páxina web do centro e/ou no taboleiro de anuncios do colexio. **De xurdir algún problema alleo ao centro, ou se vos é imposible a retirada nesas datas, a entrega dos vales realizarase na primeira semana de setembro.**

Comedor Escolar e Actividades Extraescolares

O servizo de comedor escolar e madrugadores segue xestionado pola **ANPA**, nos teléfonos 605545729 e 619280391. As Actividades de tarde están organizadas polo Concello de Arteixo. Tedes máis información en www.artaixo.org e nos teléfonos 981659121 e 981659131.

Comezo do próximo curso

O colexio estará aberto a efectos administrativos a partir do día 1 de dito mes. As clases darán comezo **o día 11 de setembro**, en horario de 9 a 14 horas. En caso de querer cambiar a opción relixiosa/atención educativa, deberedes comunicalo antes do dito día.

O alumnado de 4º de educación infantil de novo ingreso incorporárase segundo o período de adaptación que se expoñerá a primeira semana de setembro no taboleiro de anuncios do Centro.

Aproveitamos para despedir afectuosamente ao alumnado de sexto de primaria, desexándolle moita sorte nesa nova etapa que van iniciar no instituto. Que pasedes un feliz verán!